



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	O Proxecto de Investigación en Xerontoloxía		Código	653540017
Titulación	Máster Universitario en Xerontoloxía			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Maseda Rodríguez, Ana Belén	Correo electrónico	ana.maseda@udc.es	
Profesorado	Maseda Rodríguez, Ana Belén	Correo electrónico	ana.maseda@udc.es	
Web	estudos.udc.es/es/subject/4540V01/4540017			
Descrición xeral	Esta materia abordará a metodoloxía necesaria para desenvolver proxectos de I+D+i para a procura de financiamento público e/ou privado a nivel rexional, estatal ou internacional para a realización de investigación. Farase fincapé nos termos a coñecer para a petición de axudas.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Sesión maxistral - Presentación oral - Traballos tutelados *Metodoloxías docentes que se modifican As clases maxistras pasarán a darse de forma virtual a través da plataforma de Microsoft Teams. As presentacións orais por parte dos alumnos faranse tamén a través de Teams. A atención personalizada para a tutorización dos traballos tutelados farase mediante Microsoft Teams, Moodle e por correo electrónico. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado - Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos temas? da materia, para formular as consultas necesarias. ? Teams: 1 sesión semanal en grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. 1 sesión mensual (ou mais segundo o demande o alumnado), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia. - En caso de que o alumnado teña problemas de conexión a internet poderase utilizar a vía telefónica. 4. Modificacións na avaliación Mantéñense as porcentaxes da avaliación, especificadas na guía docente, realizando a presentación oral do traballo tutelado por parte do alumnado mediante Microsoft Teams. *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que: - As referencias ao cómputo da asistencia, que se realizarán respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial e a partir de aí considerárase a asistencia ás clases virtuais no horario establecido previamente co alumnado. - En caso de ser preciso, a oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a 1ª oportunidade. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.
----------------------	---

Código	Competencias / Resultados do título
A8	Saber aplicar e integrar os coñecementos adquiridos, a comprensión destes, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas sociais e sociosanitarias e definidos de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais do campo da xerontoloxía
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións? e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
----	--

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
- Coñecemento e capacidade para deseñar proxectos de investigación		AM1	BM1 BM3 BM4 CM1 CM2 CM3
- Coñecemento das diferentes institucións avaliadoras e fontes de financiamento a fin de conseguir recursos para a investigación		AM1	BM1 BM3 BM4 CM1 CM2 CM3
- Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos á práctica		AM1	BM1 BM3 BM4 CM1 CM2 CM3
- Desenvolver habilidades de aprendizaxe para emprender estudos e investigacións na área da xerontoloxía, con capacidade para deseñar e estruturar un proxecto de investigación		AM1	BM1 BM3 BM4 CM1 CM2 CM3
- Capacidade para defender oralmente o orzamento e contido dun proxecto de investigación.		AM1	BM1 BM3 BM4 CM1 CM2 CM3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. I+D+i. Marco conceptual	1.1. Proxectos 1.2. Financiamento e institucións avaliadoras 1.3. Definición de termos básicos
Tema 2. Identificación do problema e/ou necesidade nun proxecto de I+D+i.	2.1 Título do proxecto 2.2 Formulación do problema 2.3 Xustificación da investigación 2.4 Obxectivos da investigación
Tema 3. Marco de referencia e estado da arte	3.1 Estado da arte. Antecedentes do problema 3.2 Elaboración de hipóteses 3.3 Identificación de variables
Tema 4. Metodoloxía. Aspectos metodolóxicos	4.1. Aspectos metodolóxicos
Tema 5. Redacción de tarefas. Cronograma	5.1. Redacción de tarefas 5.2. Cronograma
Tema 6. Recursos materiais e humanos	6.1. Recursos materiais 6.2. Recursos humanos
Tema 7. Elaboración do orzamento	7.1. Orzamentos
Tema 8. Transferencia do coñecemento. Divulgación. Ética	1.1. O proceso de transferencia de coñecemento 1.2. OTRI 1.3. Spin off

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	3	12	15



Traballos tutelados	A8 B3 B4 C1 C2 C3	0	42	42
Sesión maxistral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	16	0	16
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensinanza-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordeado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade polo súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensinanza baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Sesión maxistral Traballos tutelados	Axuda na solución de problemas formulados polas distintas actividades, aclaración da comprensión da temática da materia...

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	Valorarase a organización e información, pronunciación e entonación, vocabulario, dominio do tema e claridade de ideas durante a presentación da temática proposta. Defenderase un proxecto de investigación en grupo.	45
Sesión maxistral	A8 B1 B3 B4 C1 C2 C3	O alumno deberá asistir ás clases maxistras.	5
Traballos tutelados	A8 B3 B4 C1 C2 C3	O alumno deberá facer un proxecto de investigación que será avaliado polo profesor.	50

Observacións avaliación
TRABALLOS TITORADOS: Se se detecta fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo do curso, implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0) e remisión directa á seguinte oportunidade. Esta actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto dos profesores da titulación. No caso de que a irregularidade se repita nunha segunda avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor que expulse temporal ou perpetuamente ao/á estudante do máster.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Booth, W.C., Coloma, G.G.; Williams, J.M. (2001). Cómo convertirse en un hábil investigador. Barcelona: Ed. Gedisa - Burgos Rodríguez, R. (1998). Metodología de investigación y escritura científica en clínica. Granada: Escuela Andaluza de Salud Pública - García Roldán, J.L. (1995). Cómo elaborar un proyecto de investigación. Alicante: Universidad de Alicante



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Metodoloxía da Investigación en Xerontoloxía/653540006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Manexo de Bases de datos. Coñecemento do idioma Inglés para poder ler textos científicos para a realización do estado da arte. Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2020-2022)", os traballos documentais que se realicen nesta materia: a) Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático b) De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado.

-
Evitarase a realización de borradores

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías